

Vertigo. Revista de cine (Ateneo da Coruña)

Título:

Da choiva encargámonos nós

Autor/es:

Cabanas Cao, Xosé Xoan

Citar como:

Cabanas Cao, XX. (1991). Da choiva encargámonos nós. Vértigo. Revista de cine. (1):9-12.

Documento descargado de:

<http://hdl.handle.net/10251/42906>

Copyright: Todos los derechos reservados.

Reserva de todos los derechos (NO CC)

La digitalización de este artículo se enmarca dentro del proyecto "Estudio y análisis para el desarrollo de una red de conocimiento sobre estudios fílmicos a través de plataformas web 2.0", financiado por el Plan Nacional de I+D+i del Ministerio de Economía y Competitividad del Gobierno de España (código HAR2010-18648), con el apoyo de Biblioteca y Documentación Científica y del Área de Sistemas de Información y Comunicaciones (ASIC) del Vicerrectorado de las Tecnologías de la Información y de las Comunicaciones de la Universitat Politècnica de València.

Entidades colaboradoras:



Da Choiva

Encargamonos Nós

Xosé Xoan Cabanas Cao
(productor)

Escomenza a ser un lugar común para moitos grupos de opinión a afirmación de que "o cine morreu" e, xa que logo, pregúntanse que senso ten reclamar hoxe un cine para Galicia.

Desde logo non faltan argumentos para falar dunha situación do chamado sétimo arte que nada ten que ver ca época dourada das grandes estrelas. O **star system** que levaba as salas a grandes masas desexosas de ficar encantadas cas luces que emanaban das pantallas.

Prescindindo do que acontece noutros países do mundo -nalgúns como EE.UU, por certo, estáse a notar un incremento moi significativo de asistentes ás salas - podemos centrar a nosa ollada en datos estadísticos de exhibición en salas pertencentes o Estado Español, que, anque parciais, dalgunha maneira explican o sentir do que denantes falabamos.

No ano 1968 acudían ós cines 123.311.599 espectadores a contemplar películas españolas mentres eran 253.326.344 as persoas que mercaban a súa entrada para ir ver películas producidas alén da península. Os datos equivalentes, pero referidos ó ano 1990 sinalan 8.686.252 espectadores para a produción nacional e 69.824.555 os que optaron por filmes extranxeiros. Como resumo, desde o ano que fixo famoso o mes de maio, 1968 ate o que marca o principio da derradeira década do século, 1990, pásase de 376.637.943 entradas a 78.510.807, o que representa unha baixa que ronda un 80 por cento no total de películas, correspondéndolle un 90 % ás películas españolas.

Dito o anterior, hai que sinalar pola contra que estamos a vivir a época histórica na que máis cine se está a ver ate o punto de que tanto o número de "películas" como de "espectadores", deixan cativas as cifras dos anos mais esplendorosos. Eso sí "películas" e "espectadores" pero ... en televisión.

Pódese concluir - obviando outros factores que matizarían o ate aquí exposto - que o cine non só non morreu senón que segue afortunadamente moi vivo e presente nunha sociedade que trocou de maneira radical os seus hábitos de vida e, xa que logo, o seu xeito de ver o cine.

E dentro deste panorama mundial e nacional onde agroma unha cinematografía nun país como Galicia por outra

banda de longa tradición fabuladora. Imos tratar de facer algúns apuntes sobre o que significa facer cine en Galicia hoxe.

Galicia, país con unha escasa e intermitente tradición cinematográfica, busca saír da marxinalidade na que ate hai pouco se atopaban os seus cineastas, para afrontar un tipo de produción capaz de transcender os ámbitos restrinxidos nos que se exhibía e integrarse nas canles comerciais, sen perda das características que definen o cine de calidade. A ninguén se lle escapa que a empresa é realmente de grande dificultade, máis tendo en conta o momento que vive o sector.

De todos os xeitos é preciso constatar algúns indicadores que moven ó

Rodaxe de URXA (1989) de
Carlos A. Lopez Piñeiro y
Alfredo García Pinal

Foto: Xosé Abad



optimismo.

O ano 1989, marca o punto de inflexión: as tres primeiras longametraxes galegas CONTINENTAL, SEMPRE XONXA e URXA estréanse en Cinegalicia con unha importante asistencia de público e repercusión nos medios de comunicación. Na súa xeira comercial istas tres producións conquiren achegar ás pantallas a máis de cen mil galegos. (Compre destacar neste punto que é " Sempre Xonxa " a que aporta un mais elevado tanto por cento de espectadores). Aínda a falta de datos fiables, pódese afirmar sin temor a erro que viron estas tres películas mais galegos que os que asistiron a toda a produción autóctona anterior.

Foron estes tres films os que permitiron que dunha maneira clara se falara do fenómeno do cine en Galicia, nos sectores máis diversos, tanto dentro como fora do país.

Canto á función social do cine, por vez primeira o espectador galego tiña a oportunidade de se sentir un cidadán con posibilidade de ver na pantalla grande unhas historias que en maior ou menor medida tiñan que ver con il, de contemplar a uns actores que encarnaban personaxes que falaban o seu idioma, de comprobar que nos títulos de crédito figuraban profesionais galegos como responsábeis da meirande parte dos equipos técnicos, de verificar que unhas produtoras asumían o reto de normalizar o feito cinematográfico en Galicia e de congratularse de que as Institucións e unha televisión autonómica cumpriran co deber de devolver ó pobo a través do cine, un pouco de si mesmo.

A destacada repercusión, digamos interna, seguiu unha desigual traxectoria exterior con estreos nas principais cidades españolas gracias a conquistar algo que non está ó alcance de todas as producións no cine español: unha Distribuidora.

Máis aínda. No Catálogo de Películas que publica anualmente o Ministerio de Cultura e no correspondente ó ano 1989 Galicia figura con tres films o que se corresponde co 10 % dos producidos ese ano en todo o Estado.

SECUNCIA 1. IGREXA PARROQUIAL DUNHA ALDEA. INT/ DIA

Perante as mañá dun domingo do verán de 1926, na igrexa parroquial dunha aldea está a se celebra-la misa.

Ocupando boa parte dos bancos da nave, á cerimonia concorren mulleres, vellos e nenos. Apenas si hai algún home xove ou de mediana idade. Todos vesten de festa, ao uso da época.

A silueta dun home a contraluz franquea a soleira da porta e despois de se quita-lo sombreiro e gardalo nun peto da chaqueta, escomenza a avanzar con paso moi lento pero resolto cara o altar.

Tódolos asistentes ao escoita-los seus pasos polo corredor central da nave, vóltanse para ollar ao recen chegado con curiosidade, intriga e asombro.

O mesmo Sacerdote, ao da-la volta cara a concurrencia e estende-los brazos coas palmas abertas para invita-la xente a orar, fica mudo e paralizado ao ver, coma nun pesadelo, ao recén chegado fronte a sí.

O Home está a apuntarlle cun revólver.

E o senso do inacabado xesto ritual do Sacerdote transfórmase dese xeito na posición de mans enriba do detido.

O Monago, que permanece de xionllos cara o altar, sorprendido de que o Crego teña ficado mudo e paralizado, vóltase para ver qué ocorre.

E ao aperceberse da presenza do Home revólver en man, asustado xira outra volta a ollada cara diante sen ousar moverse nun desesperado tento de non esperta-la máis mínima atención.

Todo un logro... pero ponto.

1990 pasou sin pena nin gloria... nin longametraxes, perdéndose a oportunidade de dar continuidade o esforzo anterior. No ano que andamos fixose a presentación oficial, - anque non se ten estreado comercialmente- de MARTES DE CARNAVAL subvencionada no 1989.

Dos proxectos aprobados no 1991, está no última fase de postproducción

Páxina do guión A FUGA AMERICANA

O XOGO DAS MENSAXES INVISIBLES, e á procura de financiamento no ICAA do Ministerio de Cultura de Madrid está A FUGA AMERICANA.

Sirva o estado actual de A FUGA AMERICANA, para ilustrar algúns dos problemas que afectan á produción cinematográfica en países que non teñen unha tradición neste eido e que no noso país adquiren determinadas peculiaridades.



Rodaxe de URXA
Foto: Xosé Abad

A diferenza doutras actividades artísticas a elaboración dunha película é un proceso no que interveñen ademais dos aspectos creativos, outros de carácter industrial que precisan dunha complexa organización para acadar o resultado final esperado.

Desde que se xenera o primeiro tratamento do que despois será o guión ate que iste toma corpo no celuloide proxectado na pantalla, pasamos por toda unha serie de elementos de carácter material, técnico e humano que comenadamente dosificados confortan o que se chama a produción. E todo ise proceso é, por definición, caro.

O custe medio dunha película producida en España está entre os 150 e 180 millóns de pesetas.

A amortización desa cantidade de diñeiro, é unha empresa difícil nas condicións actuais do mercado, agás dos produtos de algún director ó que non imos nomear máis unha vez. O resto das producións non lles queda outro remedio que recurrir - non convén esquecelo, ó igual que outras industrias - ó diñeiro oficial.

E iste é o caso de A FUGA AMERICANA. Despois de seren analizado

o proxecto por unha comisión avaliadora, a Consellería de Cultura de Galicia acordou concederlle unha subvención de 39.500.000 pesetas, o que representa aproximadamente o 20 % do custe estimado para facer esta película localizada na Galicia dos anos 30, con secuencias especialmente complicadas nun porto de transatlánticos e nunha feria lóxicamente ambientada na época.

As outras fontes de financiamento, amáis da aportación da produtora, pasan por conquistar a venda dos dereitos

de televisión (en trámite neste momento no caso de A FUGA...), a cesión de dereitos para exhibición en salas para España (xestionados con unha distribuidora catalana), exhibición para Europa (sin tramitar), exhibición en América (negociacións avanzadas con distribuidora americana con cesión de dereitos para salas, televisión, cable e vídeo home).

Con ser con moito os máis nomeados, - non sin razón - non son os económicos- financeiros os atrancos

Rodaxe de URXA
Foto: Xosé Abad



que impiden un rápido, constante e efectivo crecimiento do cine en Galicia.

A falta de tradición e a unha precaria e incipiente industria, xúntanse dous problemas de carácter estrutural: 1) a falta dun programa a medio e longo prazo onde se definan as intencións dunha Administración Autónoma que - como xa veñen facendo outras máis afortunadas - ten que apoiar o despegue dunha industria cultural imprescindible no conxunto dos medios de expresión dun país, metido de cheo na derradeira dé-

Rodaxe de URXA
Foto: Xosé Abad



SECUENCIA 10. DORMITORIO DE DON PEDRO NO PAZO INT/NOITE

No dormitorio de Don Pedro, a criada xove pon unha copa sobre a mesiña de noite e nela serve augardente dunha garrafa que sонтén sobre dunha bandexa.

Don Pedro entra, pecha a porta tras de sí, quítase a chaqueta e pendúraa no espaldar dunha cadeira. Despois de que a criada remata de lle servi-la copa e deixa la bandexa coa garrafa sobre dunha mesa, Don Pedro ordea á rapaza:

D. Pedro

Agarde...

El avanta cara o armario, ábreo e no seu interior colle unhas pezas de lencería feminina.

Póusaas coidadosamente sobre da cama e diríxese á criada xove:

D. Pedro

Ponas...

A criada, sumisa, recolle as prendas e vai refuxiarse na semi-escuridade dun recuncho do dormitorio, onde escomenza a se desvestir.

Namentras Don Pedro, agora tumbado na cama, bebe da súa copa contempla como a rapaza, cun pudor que a fai aínda máis provocativa, remata de se poñer e suxeitar coas ligas unhas medias pretas de costura, baixo dunha pequena bata de seda cun amplo e fondo escote.

Don Pedro, dun só grollo, remata de beber o contido da copa e facendo un aceno coa man, chama á rapaza.

cada do século XX, e 2) Que a Televisión Pública Autonómica, carente ate o momento dunha produción de ficción en calquera soporte, non asuma o que lle é propio: o papel de motor e dinamizador do sector audiovisual.

Afrontar estes problemas facilitaría a solución dos outros temas que hoxendía atrancan un traballo xa de por sí dificultoso: crearíase unha rede de servizos inexistentes ou escasamente dotados tanto na fase de produción como en postprodución sin ter que recurrir ás que traballan en zonas privilexiadas; terían saída profesional clara os técnicos procedentes dos centros de ensino actualmente en marcha para non depender sistemáticamente dos de fóra; poderíase afortalar ás produtoras e produtores para acometer proxectos de maior empeño; formaríase un corpo de actores e directores con horas de traballo diante e detrás das cámaras, ... Normalizaríase o espacio audiovisual en Galicia.

Deixamos intencionadamente para o remate a meirande preocupación do produtor que ten que rodar nesta terra. Un problema, certamente de difícil solución. Máis pensamos que debemos reclamar a autoridade competente a solución. Dos asuntos antes relatados, diste outro, da choiva, xa nos encargamos nós.

Xosé Xoán Cabanas Cao

Productor e Director de Producción de Carlos A. Lopez Piñeiro e Xosé Xoan Cabanas Cao produccions cinematográficas e de Vici Produccions.